

WWW.SEISPES.COM / INFO@SEISPES.COM / 686 679 897 / 696 733 421



LUNEDO  
LOOP

Seispés  
producciones creativas

# LUMEDOLOOP



**Lumedoloop** é un trío de hip hop nacido en Compostela, formado por **Jamas** (voz principal), **Møu** (producción e voz) e **DJ Mil** (scratches e djing), tres figuras fundamentais da cultura hip hop en Galicia cunha traxectoria de máis de dúas décadas.

O propio nome do proxecto funciona como manifesto: **Lume** representa a faísca creativa e a chama que impulsa a loita contra as inxustizas externas e as sombras interiores; **Loop** simboliza a repetición sobre a que se constrúe o hip hop, o ciclo que permite aprender, caer, erguerse e transformarse.



## FICHA TÉCNICA

**Xénero:** Hip hop / Rap

**Elenco:** **Jamas** (voz principal),  
**Møu** (producción musical e voz) e  
**DJ Mil** (scratches e djing)

Acaba de saír á luz «**(Re)existencia**», o seu primeiro traballo discográfico.



**Contratación:** [info@seispes.com](mailto:info@seispes.com) / 686 679 897

# LUMEDOLOOP



## O LUME DA CREACIÓN. O LOOP DA TRANSFORMACIÓN.

O proxecto nace da complicidade creativa entre **Jamas** e **Møu**, membros fundadores de **Dios Ke Te Crew**, pioneiros do rap en galego e referentes da escena urbana desde comezos dos anos 2000. A esta alianza súmase **DJ Mil**, un dos DJs máis recoñecidos do hip hop galego, completando un triángulo creativo baseado na experiencia compartida, a precisión musical e unha visión común.




Contratación: [info@seispes.com](mailto:info@seispes.com) / 686 679 897

# (RE)EXISTENCIA



En 2026 publican o seu primeiro LP, «(Re)existencia», un traballo conceptual que explora identidade, resistencia e transformación. O título activa tres dimensións interconectadas —**reexistencia**, **reexistencia** e **existencia**— e propón a creación artística como forma de resistencia cultural e vital, defendendo a necesidade de vivir con conciencia e reivindicando a arte como ferramenta de resistencia, pensamento crítico e celebración colectiva.

 **Contratación:** [info@seispes.com](mailto:info@seispes.com) / 686 679 897

Sobre o escenario, LumedoLoop desprega o triángulo conceptual do disco: a **Rexistencia** —o lume da loita—, a **Reexistencia** —o loop da transformación— e a **Existencia** —o froito de resistir e transformarse, a presenza plena—.

O flow magnético e a poética afiada de **Jamas**, a narrativa sonora de **Mou** e a técnica milimétrica de **DJ Mil** constrúen un concerto intenso, dinámico e sen concesións.

Unha viaxe que atravesa a poesía máis esixente, a denuncia social senedulcorantes, a retranca como arma e a introspección máis fonda, mantendo viva a esencia do hip hop: **palabra, ritmo e actitude**.

Unha proposta escénica firme, honesta e sen artificios.

**Rap en estado puro.**

**O LUME ESTÁ ACESO.  
O LOOP FAINO ETERNO.**





**Contratación: Seispés Producciones Creativas**  
info@seispes.com / 686 679 897 / 696 733 421

